

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Betanzos

COMARCA: As Mariñas – A Coruña

DATA: 27 de abril

LUGAR DE REALIZACIÓN: Mesón O Picho Carolo (Betanzos)

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 15

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 3

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: toda a militancia

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Cristina López Sánchez

Representante Consello Nacional: Bieito Lobeira

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 13

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1 hora 30 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
clásica

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha
assemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.) Valorámola
positivamente. Participativa e ton construtivo, asistencia de simpatizantes e ton
positivo. Máis asistencia que a unha assemblea normal.

Análises e propostas centradas nos resultados electorais aínda que intentamos introducir outros puntos de debate.

Resultou complicado ordenar o debate e que non acabe derivando en aspectos moi concretos da actuación nacionalista ou en anécdotas pola amplitude dos puntos a debate.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Temos un problema de educación, comunicación, construír discurso e transmitilo. Non temos medios de comunicación propios e os que temos non conectan coa maioría da sociedade.

Hai que darse presa en rematar este proceso polas convocatorias electorais.

Valorase positivamente a campaña de Nós candidatura galega aínda que non funcionou. Tamén algunha crítica polo exceso de ruralismo nun País cada vez menos rural.

Problemas de comunicación. Temos que comunicar de maneira positiva e intentar non caer no papel da caricatura que os medios crearon de nos.

O camiño pode ser o bo pero os resultados veranse a longo prazo. Non nos debemos reducir a cálculos electoralistas.

Retroceso en xeral dos nacionalismos no Estado.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Cada vez maior influencia dos medios de comunicación. Témoslos en contra. Só coa comunicación a través das redes sociais non chega porque hai grande parte da poboación que non ten acceso ás redes sociais.

Rexeitamento ao BNG. Cometéronse moitos erros, hai que asumilos e seguir traballando. Bipartitos co PSOE en xeral non funcionaron. Chegamos ao goberno e non fixemos o que defendiamos na oposición. Foi un erro non aproveitar os gobernos para crear base social.

Sociedade cada vez máis española. Explicar o nacionalismo de forma sinxela, sen asumir que por ter menos votos temos menos razón ou que nos temos que esconder. Dar a cara.

Levar o discurso “ás cousas de comer”. É un erro centrar un discurso nos barcos e as vacas. Este xa non é un País que come diso. Discurso folclorizante, demasiado ideolóxico e anclado no pasado. Damos a sensación de non saber dirixirnos á xente.

A CIG move á xente pero non se traduce en máis nacionalismo. Temos que estar mais a pé de rúa e cun discurso centrado n@s traballador@s.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

As siglas BNG están asociadas á política tradicional fronte aos novos partidos que representan a nova política. Aínda así, percíbese como un erro o cambio de nome a Nós Candidatura Galega. A xente non o coñecía. Defendese como a mellor opción manter as siglas BNG.

Temos que deixar de dar a sensación de ir de experimento en experimento.

Traballo en positivo. No que lle preocupa á xente nos seus problemas. Deixar de criticar continuamente a outros que teñen un perfil máis parecido ao noso como as mareas.

Fomentar a participación da mocidade. Proponse facer actos culturais e festivais para atraer á mocidade. O formato de asembleas que celebramos habitualmente non resulta fácil para que participen.

Menos dicir e máis facer. Falouse demasiado de lingua e cultura, todo moi ritual e pouco de práctica diaria.

Temos que transmitir que cremos no que dicimos. Coherencia.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Loitas internas durante moitos anos que tiveron traslado nos medios de comunicación e prexudicaron moito ao nacionalismo.

Temos un problema de liderado. Perfil menos coñecido de Vence comparado con outros portavoces anteriores. A xente segue asociando o Bloque a Beiras.

A xente cada vez participa menos en política. Menos mobilización social en todos os ámbitos.

Temos que darlle referentes a mocidade, sobre todo ás mulleres novas.